

- Outubro 1944.- Invasión do Val de Arán. Coordinación en Galiza dos diferentes grupos armados cara a constitución de Agrupacións Guerrilleiras vencelladas á UNE/PCE.
- Marzo/dembro de 1945.- Xermolar do *Ejército Guerrillero de Galicia*, con "Marrofer" na xefatura guerrilleira.
- 1946.- Gayoso e Seoane potencian a lota antifranquista, cun espectacular incremento de accións armadas e de propaganda. Á morte de "Marrofer" (Aranga, xuño), Manuel Ponte vai á xefatura da IVª agrupación guerrilleira Pasionaria. Organización das Agrupacións IIIª (norte e centro de Lugo) e IIª (oeste e centro de Ourense). Primeiro número de *El Guerrillero*.
- 1947.- Vª Agrupación (Norte de Pontevedra). Numerosos sabotaxes e eliminación de dereitistas (54: guardias civiles, xefes locais de FE, Alcaldes, cregos, confidentes). Disolución da *Federación de Guerrillas*. Morte de Manuel Ponte en abril.
- Xullo/dembro de 1948.- Caída do Comité galego del PCE e da guerrilla. Construción de bases subterráneas na área Ferrol-Mugardos-As Pontes-Coruña. A guerrilla perdeu 24 combatentes.
- Marzo / Outubro 1949.- Caídas en Chávaga (Monforte), Remesar (Bóveda), Pazos (Monfero), da *guerrilla volante ourensá...* Morreron 35 combatentes antifranquistas galegos.
- Primavera de 1950/Primavera de 1951.- Marchan a Francia os responsables da guerrilla e do PCE. Caída de bases guerrilleiras. A guerrilla perdeu 31 combatentes.
- 1952-1955. Benigno Andrade *Foucellas* foi agarrotado n'A Coruña en agosto do 1952. Francisco Martínez Leira *Pancho* morreu nunha ciada da GC en Pontedeume o 31 de decembro de 1954.

Accións da guerrilla galega (1940-1954)

Enfrentamentos armados	289	Enlaces detid@s	5.832
Dereitistas axusticiad@s	136	G. Civiles/policias mortos	79
Sabotaxes	121	Guerrilleir@s detid@s	459
Golpes económicos	1.242	Guerrilleir@s mort@s	163

O SUCEDIDO O 21 DE ABRIL DE 1947

Noticias confidenciales (Causa 200/1947, A Coruña) levaron á detención de case setenta persoas na bisbarra de Ordes, e cara a Pomariño, Fontao, Abellá, Frades, dúcias de gardas. Tentando saír do cerco caeron tres guerrilleiros do Destacamento Manuel del Río Botana da IVª Agrupación *Pasionaria* do Exército Guerrillero de Galiza, conseguindo fuxir Emilio Pérez Vilariño e Juan Couto Sanjurjo. Os caídos foron:

MANUEL PONTE PEDREIRA, Xastre, Negro, Pintor, Miracielo, nado en 1911 en Frades, residente en Ordes, xastre. En 1936 defensor da República en Ordes e Santiago e por tal enviado á cadea; excarcerado en 1941, actuou como enlace, incorporándose á guerrilla en 1945. Xefe da IVª Agrupación en 1946, artellou unha potente estrutura político-militar. O seu carisma, intelixencia e valor puxérono xustamente como un heroi do antifranquismo galego.

MANUEL DÍAZ PAN, Rogelio, nado en 1918 en S. Pedro de Nós, Oleiros, carpinteiro. Afiliado á CNT e despois ao PCE, de familia fortemente antifranquista entrou na IVª Agrupación en 1944. O seu irmán José María morreu na guerrilla en Vilarmador en 1951 e o seu irmán Francisco estivo encadeado.

MANUEL RODRÍGUEZ ¿SUÁREZ? ¿GUNDÍN?, Asturiano, Chispas, nado en 1928, e de quen menos datos coñecemos. Incorporouse á guerrilla despois de que a súa familia fora duramente represaliada, probablemente en Asturias.



Bernardo Máiz Vázquez, en *O Seixo de Mugardos*, no centenario de Manuel Ponte Pedreira e a 80 anos da proclamación da IIª República

Organiza:

Comisión pola
Recuperación da Memoria
Histórica da Coruña



Colabora:



HOMENAXE Á GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

MANUEL PONTE PEDREIRA



(1911-2011)

Xoves, **3 de novembro** de 2011

ás 19,30 horas

Auditorio de Caixa Galicia
no Cantón Grande da Coruña

- Estrea do documental "**MIRACIELO. Vida e morte de Manuel Ponte Pedreira**", de Pablo Ces, sobre o guerrilleiro Manuel Ponte. Presentación de Aurora Marco.
- Mesa-coloquio coa participación de:
 - Maruchi Ponte Rivas, filla de Manuel Ponte
 - Historiadores: Bernardo Máiz e Manuel Pazos
 - Rubén Afonso Lobato, da CRMH.
- Recital de poesía.
- Actuación musical de Mini e Mero (do grupo A Quenlla) e Miro Casabella.





MANUEL PONTE

Berraron os osos brancos do luar,
os eixos da terra vironos berrar.
Pol-a túa morte, pol-o pulo teu,
camiño dun novo, limpo, eterno ceu.
Choraron as serras,
choraron os toxos e chorou o pan.
Mais houbo, Manuel, nos albres, na iauga,
na luz das mañás,
na fouce do raio tras de lostregar,
coma un xuramento de homes a xurar:
¡Pol-a túa morte a loitar, a loitar!
¡Ti fuches a ponte do río de Deus,
a ponte do pobo dos teus e dos meus!
E por iso estala como estala un cantar
a espada das verbas ardentes do lar:
¡Pol-a túa morte a loitar, a loitar!

LORENZO VARELA (Lonxe, 1954)



¡MANUEL PONTE HA MUERTO!

En su puesto de combate, al frente de sus bravos guerrilleros, ha muerto el gran Ponte, en compañía de dos entrañables y queridos camaradas.

Murió como había vivido, peleando como un valiente, el mejor entre los mejores. Su vida heroica, entregada por entero a la liberación de su Patria, fue cortada cobardemente por los esbirros del asesino Franco.

GALICIA ESTA DE LUTO. Pero Galicia será fiel a la memoria del Glorioso Jefe Guerrillero, del hombre que es un orgullo y timbre de honor para la tierra que tanto amaba.

¡Camarada Ponte! Cuanto tu has hecho por la liberación de nuestro pueblo, no puede, no será jamás olvidado. Tu has caído, pero en la trinchera quedan tus compañeros de lucha, queda tu pueblo, quedamos los comunistas.

Te juramos y los comunistas no juramos en vano, que tu sacrificio no será estéril. Te prometemos ser dignos a tu memoria, ser como tu has sido, combatir hasta dar la última gota de nuestra sangre por la liberación de Galicia y de España, por la República.

Descansa en paz camarada, hermano Ponte.

¡VIVA LA REPUBLICA!

A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA

Os militares e dereitistas sublevados en xullo de 1936 “tomaron” con estrema violencia Galiza en quince días; lonxe de calquera fronteira democrática, centos de persoas sobrevivían nos sotos e nos montes. Triunfante en 1939 a sublevación militar-fascista aqueles *fuxidos* galegos do verán de 1936 deberon dar en guerrilleiros, mantendo ata 1954 unha irtia e dura resistencia, se primeiro espontánea, facendo nacer a pouco, no norte da Coruña e Lugo e da cabalo entre León e Ourense, as primeiras estruturas guerrilleiras de España. En 1945-1946, o PCE artellou o *EJÉRCITO GUERRILLERO DE GALICIA*, dividido territorialmente en cinco Agrupacións, sendo as máis fortes e activas a IVª (A Coruña) e a IIª (Ourense). Factor básico da súa permanencia era o apoio popular, considerando a *Dirección General de la Guardia Civil* en 1948 que *los enemigos del Régimen dicen que Galicia es la primera zona guerrillera*; Eduardo Pons Prades escribiu que *la resistencia armada gallega fue la más autóctona, incisiva y dilatada de todas las tierras de España*. Foi o cambio da situación internacional o que levou á guerrilla galega ao seu final, precipitado polo seu activismo e a consecuente forte actuación policial, mais na década dos corenta e nos primeiros anos cincuenta en Galiza a guerrilla foi a única oposición democrática ao franquismo.

CRONOLOXÍA DA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA

- 20/30 de xullo de 1936.- Os sublevados toman as cidades e pobos de Galiza. Gran represión. Fuxidos.
- Outubro de 1937.- Caída do Frente Norte: moitos combatentes republicanos veñen agocharse ás montañas de Galiza.
- Abril/Outubro de 1939.- Fin da guerra. Accións militares contra os fuxidos. Neira e “Gafas” estruturan a primeira resistencia organizada.
- Abril/Novembro de 1942.- *Federación de Guerrillas de León y Galicia*, unitaria. Numerosos enfrontamentos armados no Leste das provincias de Lugo e Ourense e Oeste de León, e na área Ferrol-Betanzos-Ortigueira-Viveiro.